

DECRETO: Ampliación do prazo de xustificación das axudas concedidas ao aveiro da subvención a entidades sen ánimo de lucro para actividades culturais de interese xeral e promoción de festexos en réxime de competencia competitiva para o exercicio 2017.

Logo de ver a proposta efectuada pola Concelleira de Cultura e Praias, con data 15 de decembro de 2017, pola que se solicita a ampliación do prazo establecido nas Bases Reguladoras da subvención municipal a entidades sen ánimo de lucro para actividades culturais de interese xeral e promoción de festexos, en virtude do establecido no punto 8.1. das citadas bases, resolvemos:

Primeiro: Dar aprobación á ampliación do prazo.

Segundo: fixar como novo prazo o de 5 días hábiles a partir da notificación da resolución da comisión de valoración.

Terceiro: Ordenar a súa publicación no taboleiro municipal e na páxina web, e dar continuidade ao proceso.